

Apéndice 16 das subpartes B e C

Requisitos auditivos.

(Véxanse JAR-FCL 3.235 e 3.355).

1. A audiometría de tons puros cubrirá as frecuencias 500-3000 Hz. Os limiares de frecuencia serán determinados como se indica a continuación:

500 Hz.
1,000 Hz.
2,000 Hz.
3,000 Hz.

2. (a) Os casos de hipoacusia serán remitidos á AMS para posterior valoración e avaliación.

(b) A AMS poderá considerar a revalidación se pode comprobarse unha audición satisfactoria nun campo ruidoso equivalente ás condicións habituais de traballo en cabina durante todas as fases do voo.

Apéndice 17 das subpartes B e C

Requisitos psicolóxicos.

(Véxanse JAR-FCL 3.240 e 3.360).

1. Indicación. Realizarase unha avaliación psicolóxica como parte ou complemento dun recoñecemento realizado por psiquiatras ou neurólogos cando a autoridade reciba información verificable dunha fonte identificable que provoque dúbidas sobre a idoneidade mental ou personalidade dun individuo en particular. As fontes desta información poden ser accidentes ou incidentes, problemas na formación ou verificacións de competencia, delincuencia ou coñecementos relevantes para o exercicio seguro das atribucións que lle outorguen as licenza(s) correspondente(s).

2. Criterios psicolóxicos. A avaliación psicolóxica poderá incluír a recollida de datos biográficos e criterios sobre a aptitude, así como tests de personalidade e unha entrevista psicolóxica.

Apéndice 18 das subpartes B e C

Requisitos dermatolóxicos.

(Véxase JAR-FCL 3.245 e 3.365).

1. Calquera condición da pel que cause dor, molestias, irritación ou prurido pode distraer o tripulante das súas tarefas e afectar a seguranza en voo.

2. Calquera tratamento da pel, sexa farmacolóxico ou en forma de radioterapia, pode ter efectos sistémicos que deben considerarse antes da certificación. Pode requirirse unha limitación a operacións multipiloto (OML clase 1) ou con piloto de seguranza (OSL clase 2).

3. Condicións malignas ou premalignas da pel.

(a) O melanoma maligno, o epiteloma de células escamosas, a enfermidade de Bowen e a de Paget son desqualificantes. A AMS poderá considerar a certificación se, cando sexa necesario, as lesións están totalmente eliminadas e hai un adecuado seguimento.

(b) No caso de basalioma, queratoacantoma e queratose actínica pódese considerar a certificación pola AMS se, cando sexa necesario, as lesións foron totalmente extirpadas e se fai un adecuado seguimento.

4. No caso doutras enfermidades da pel:

(a) eccema agudo ou crónico diseminado

(b) reticulose cutánea,

(c) problemas dermatolóxicos secundarios en enfermidade sistémica,

e problemas similares requiren consideración do tratamento e calquera outra condición subxacente antes da avaliación pola AMS.

5. A avaliación das condicións malignas neste sistema explícase tamén no capítulo de oncoloxía do

manual, onde se proporciona información referente á certificación e debería ser consultado xunto co capítulo específico a este sistema.

Apéndice 19 das subpartes B e C

Requisitos oncolóxicos.

(Véxanse JAR-FCL 3.246 e 3.370).

1. Pódense considerar a certificación clase 1 pola AMS e a certificación clase 2 polo AME de acordo coa AMS, se:

(a) Non hai evidencia de enfermidade maligna residual tras o tratamento;

(b) Transcorreu desde que finalizou o tratamento o período de tempo adecuado segundo o tipo de tumor;

(c) O risco de incapacidade durante o voo por recidiva ou metástase está dentro dos límites aceptables pola AMS;

(d) Non hai evidencia de secuelas a curto ou longo prazo polo tratamento. Prestaráselles especial atención aos solicitantes que recibiron tratamento de quimioterapia con antracilinas;

(e) As disposicións respecto ao seguimento son aceptables para a AMS.

2. Para a revalidación poden ser apropiadas as restricións de multipiloto (OML clase 1) ou de piloto de seguranza (OSL clase 2).

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8665

REAL DECRETO 748/2008, do 9 de maio, polo que se regula a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte. («BOE» 120, do 17-5-2008.)

A creación da Comisión Nacional Contra a Violencia nos Espectáculos Deportivos, prevista na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, enmárcase dentro dos compromisos internacionais adquiridos por España ao subscribir o «Convenio europeo sobre a violencia e irrupcións de espectadores con motivo de manifestacións deportivas, e especialmente partidos de fútbol», aprobado en Estrasburgo o 19 de agosto de 1985. A mencionada comisión é, de feito, un expoñente destacado das medidas de coordinación interna previstas no citado instrumento e veu desenvolvendo un papel moi activo e relevante en materia de prevención da violencia asociada ao deporte no noso país.

En desenvolvemento das previsións contidas na Lei do deporte, aprobouse o Real decreto 75/1992, do 31 de xaneiro, que regula a composición, organización e normas de funcionamento da Comisión Nacional contra a Violencia nos Espectáculos Deportivos, e que proporcionou o marco xurídico en que ese órgano veu operando durante máis dunha década.

A denominación actual da comisión foille conferida polo artigo 20 da Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. A nova lei non modifica substancialmente a configuración da comisión nin as súas funcións, polo que a súa constitución non suporá incremento de gasto público, aínda que unha das innovacións máis relevantes é a ampliación do seu ámbito material de actuación, que se estende á erradicación do racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. Este real decreto adapta o réxime normativo da comisión á súa actual denominación, incluíndo algunhas novidades puntuais. Nesta

liña, pormenorizouse a estrutura orgánica da comisión para adecuar a súa normativa reguladora á realidade práctica. Por exemplo, concédesele carta de natureza á Comisión Permanente, que aparece expresamente regulada por primeira vez neste real decreto, e que viña actuando como Subcomisión de Informes e Infraestruturas. A Comisión Permanente é un órgano central no funcionamento ordinario da comisión sobre o que recae un gran peso executivo, pois réunese con intensa periodicidade (unha vez á semana) para analizar os acontecementos máis recentes e formular, de ser o caso, propostas de apertura de expedientes sancionadores cando considera que os feitos analizados son constitutivos de infracción, así como para propor os encontros deportivos concretos que deben ser cualificados de alto risco. A carón destas funcións, este real decreto completa e amplía a lexitimación que o Real decreto de disciplina deportiva lle confire á comisión para interpor recursos ante o Comité Español de Disciplina Deportiva contra os actos ditados nesta materia polas federacións deportivas, ao lle atribuír á comisión facultades para recorrer contra os actos adoptados por calquera instancia disciplinaria federativa sen necesidade de esgotar a vía deportiva.

Por outra parte, na disposición adicional primeira recóllese a posibilidade de manter reunións dos diferentes órganos que compoñen a comisión por medios electrónicos, utilizando a posibilidade habilitada pola disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que debe ser estimulada, pois o uso destes medios pode supor un importante aforro de tempo e de custos.

Desde a perspectiva de técnica normativa e por razóns de seguranza xurídica, seguíuse a opción consistente en unificar nun novo texto a nova regulación regulamentaria da organización, a composición e o funcionamento da Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Educación, Política Social e Deporte e do Interior, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co ditame do Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 9 de maio de 2007,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten como obxecto regular a composición, funcións e réxime de funcionamento da Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte, en desenvolvemento do artigo 20 da Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

Artigo 2. *Natureza e adscrición.*

1. A comisión é un órgano colexiado encargado de formular e realizar políticas activas contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

2. A comisión adscíbese organicamente ao Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, a través do Consello Superior de Deportes, e no exercicio das súas competencias actúa por iniciativa propia ou por requirimento do Consello Superior de Deportes ou do Ministerio do Interior.

Artigo 3. *Funcións.*

1. Correspóndelle á comisión as funcións previstas no artigo 20.3 da Lei 19/2007, do 11 de xullo, así como o resto de funcións previstas nesa lei, e en especial as seguintes:

a) A determinación das persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos que deberán ins-

talar circuitos cerrados de televisión para gravar o acceso e as instalacións completas dos recintos deportivos, nos termos previstos no artigo 8.1 da Lei 19/2007, do 11 de xullo.

b) A determinación dos clubs e persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos que deberán dispor dun libro de rexistro que conteña información sobre a actividade de asociacións ou grupos de afeccionados que presten a súa adhesión ou apoio a entidades deportivas, conforme o previsto no artigo 9.1 da Lei 19/2007, do 11 de xullo. A Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte poderá subministrar impresos, formularios ou modelos para a elaboración e mantemento do libro-rexistro aos clubs e entidades responsables de os levar, co fin de normalizar e unificar a información.

c) A declaración dun acontecemento deportivo como de alto risco, nos termos previstos no artigo 10.2 da Lei 19/2007, do 11 de xullo.

d) Decidir a implantación de medidas adicionais de seguranza, nos termos previstos no artigo 13.1 da Lei 19/2007, do 11 de xullo, para o conxunto de competicións ou espectáculos deportivos cualificados de alto risco, ou para recintos que fosen obxecto de sancións de clausura consonte esa lei.

e) O establecemento dun protocolo de actuación que comprenda as medidas orientadas ao restablecemento da normalidade en caso de suspensión de competicións deportivas por razóns de seguranza, nos termos previstos no artigo 15.2 da Lei 19/2007, do 11 de xullo.

f) Comunicar ao Observatorio da Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte datos estatísticos sobre as sancións impostas dentro do marco da Lei 19/2007, do 11 de xullo, disociando previamente a información de carácter persoal, xunto con aqueloutra información que considere de interese.

2. A comisión exercerá, igualmente, todas aquelas funcións que se refiran a materias obxecto de regulación pola Lei 19/2007, do 11 de xullo, e non correspondan a outro órgano ou entidade, así como todas aquelas que se lle atribúan legal ou regulamentariamente.

Artigo 4. *Organización interna.*

Son órganos da comisión:

- a) A Presidencia.
- b) A Vicepresidencia.
- c) O Pleno.
- d) A Comisión Permanente.
- e) Os grupos de traballo.
- f) A Secretaría.

Artigo 5. *Presidencia e Vicepresidencia.*

1. A Presidencia e a Vicepresidencia da comisión serán desempeñadas, alternativamente e por iguais períodos de tempo, por aqueles que designen os ministros de Educación, Política Social e Deporte e do Interior de entre os membros que integran a súa respectiva representación.

2. Correspóndelle á Presidencia:

a) Exercer a representación da comisión.

b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.

c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

d) Dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos.

e) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano, así como as propostas de sanción aprobadas pola Comisión Permanente.

f) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente da comisión.

3. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou outra causa legal, as funcións da Presidencia serán desempeñadas pola Vicepresidencia.

Artigo 6. *Secretaría.*

1. A Secretaría da Comisión será desempeñada por un funcionario en activo do Consello Superior de Deportes, designado pola Presidencia deste.

2. A Secretaría ten as seguintes funcións:

a) Convocar as sesións do órgano por orde do seu presidente, ou por requirimento escrito de, polo menos, a metade dos seus membros, así como as citacións aos membros deste.

b) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano e, por tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que deba ter coñecemento.

c) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.

d) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

e) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario.

3. O secretario da comisión asistirá ás reunións con voz pero sen voto, salvo que sexa designado membro de pleno dereito conforme o previsto no artigo 4.1 deste real decreto, caso en que participará nas sesións con voz e voto.

4. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outra causa legal, a Secretaría será ocupada pola persoa que designe a Presidencia, que así mesmo deberá ser funcionario en activo do CSD.

Artigo 7. *O Pleno.*

1. O Pleno é o órgano que inclúe representantes dos sectores implicados na prevención da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte, e a el correspóndenlle as funcións de planificación, supervisión e aprobación do labor desenvolvido pola comisión e todos os seus órganos.

2. O Pleno componse de trinta e tres membros, designados da forma seguinte:

a) Catro polo ministro de Educación, Política Social e Deporte.

b) Catro polo ministro do Interior.

c) Un polo ministro de Traballo e Inmigración.

d) Un polo ministro de Sanidade e Consumo.

e) Un membro da carreira fiscal, designado polo fiscal xeral do Estado.

f) Tres polo presidente do Consello Superior de Deportes, en representación das comunidades autónomas, de entre os propostos por estas.

g) Tres polo presidente do Consello Superior de Deportes, en representación das corporacións locais, por proposta da Asociación de Entidades Locais de ámbito estatal con maior implantación.

h) Tres polo presidente do Consello Superior de Deportes, dous deles de entre os propostos polas federacións deportivas españolas de fútbol e baloncesto, respectivamente, e outro membro por proposta do resto das federacións deportivas españolas.

i) Dous polo presidente do Consello Superior de Deportes por proposta de cada unha das ligas profesionais.

j) Dous polo presidente do Consello Superior de Deportes por proposta das asociacións de deportistas onde exista competición profesional.

k) Tres polo ministro do Interior entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito das competencias da comisión.

l) Tres polo presidente do Consello Superior de Deportes de entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito das competencias da Comisión, entre os que se incluírán un representante da Asociación de Prensa Deportiva e un representante dos colectivos arbitrais en que haxa competición profesional.

m) Tres polo presidente do Consello Superior de Deportes de entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito de competencias da comisión, de entre membros de asociacións de afeccionados ou organizacións non gobernamentais entre os fins das cales estea a loita contra a violencia, o racismo e a intolerancia, así como a defensa dos valores éticos que encarna o deporte, por proposta do Observatorio da Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte.

3. A duración do mandato de cada membro da comisión será de catro anos. Transcorrido este tempo, procederase a unha nova designación; o seu mandato pode ser renovado por sucesivos períodos de igual duración. As vacantes que se produzan serán cubertas polo mesmo procedemento que para a designación inicial.

4. Correspóndenlle ao Pleno as funcións que a Lei 19/2007, do 11 de xullo, lle atribúe á comisión, e que este real decreto non lles encomenda expresamente a outros órganos dela.

5. O Pleno reunirse en sesión ordinaria, polo menos, unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cando o convoque a Presidencia ou por requirimento escrito de, polo menos, a metade dos seus membros.

6. Para a constitución válida do Pleno exíxese a asistencia do presidente ou vicepresidente e de, polo menos, a metade dos seus membros en primeira convocatoria. En segunda convocatoria, será suficiente a asistencia dun terzo dos seus membros.

7. O Pleno aprobará a memoria anual da comisión.

Artigo 8. *A Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente é un órgano executivo do Pleno que actúa por delegación deste.

2. A Comisión Permanente está composta por:

a) Dous funcionarios designados en representación do Consello Superior de Deportes, un dos cales desempeñará o Secretariado da Comisión.

b) Dous funcionarios designados en representación do Ministerio do Interior.

c) Dous funcionarios designados en representación da Secretaría de Estado de Seguranza, entre membros do Corpo Nacional de Policía e da Garda Civil, respectivamente.

d) Unha persoa en representación da Real Federación Española de Fútbol.

e) Dúas persoas en representación, respectivamente, das ligas profesionais de fútbol e baloncesto.

f) Unha persoa en representación das comunidades autónomas.

g) Un membro da carreira fiscal, designado polo fiscal xeral do Estado.

Todos estes membros terán voz e voto nas reunións da Comisión Permanente.

A Presidencia da Comisión Permanente será desempeñada por quen designe o presidente da comisión, de entre os membros designados nas alíneas a) e b) deste precepto.

3. A Comisión Permanente axustará o seu funcionamento ás seguintes regras:

a) A Comisión Permanente reunirse en sesión ordinaria coa periodicidade que sinala a Presidencia, podendo fixarse unha convocatoria unitaria para todas as sesións sen necesidade de lles remitir aos membros a convocatoria de cada sesión ordinaria.

b) A Comisión Permanente reunirse en sesión extraordinaria cando a convoque a Presidencia ou por requirimento de, polo menos, a metade dos seus membros.

c) Para a constitución válida da Comisión Permanente, abondará coa asistencia da Presidencia ou Vicepresidencia e dun terzo dos seus membros.

4. A Comisión Permanente desempeña as seguintes funcións:

a) Formular propostas de incoación de expedientes sancionadores por actuacións susceptibles de cualificarse como infracción consonte o título II da Lei 19/2007, do 11 de xullo, tanto por feitos de que a comisión teña noticia como por feitos postos en coñecemento da comisión por particulares ou outros órganos.

b) Declarar os encontros de alto risco, conforme o disposto no artigo 10.2 da Lei 19/2007, do 11 de xullo.

c) Interpor recursos ante o Comité Español de Disciplina Deportiva contra os actos ditados en calquera instancia polas federacións deportivas na aplicación do réxime disciplinario previsto no título III da Lei 19/2007, do 11 de xullo, cando estime que non se axustan ao réxime de sancións establecido.

d) Asistir a comisión no cumprimento das súas tarefas.

e) Realizar o seguimento ordinario das funcións encomendadas á comisión.

f) Velar polo cumprimento dos acordos adoptados polo Pleno.

g) Propor ao Pleno os estudos, accións e medidas que xulgue convenientes para o cumprimento dos fins da comisión, así como elaborar os borradores de informes e propostas que deban ser sometidos á aprobación do Pleno.

h) Emitir os informes que soliciten a Presidencia ou o Pleno da Comisión.

i) Cantos cometidos lle sexan delegados ou asignados polo Pleno ou polo seu presidente.

5. A Comisión Permanente daralle conta ao Pleno das actuacións que realice no exercicio das súas funcións.

Artigo 9. *Os grupos de traballo.*

1. O Pleno da Comisión poderá acordar a creación de grupos de traballo, con carácter permanente ou para cuestións puntuais.

2. O acordo de creación de cada grupo de traballo deberá especificar a súa composición, as funcións que se lle encomendan e, se é o caso, o prazo para a súa consecución. Cada grupo de traballo contará con, polo menos, un representante da Administración do Estado.

Artigo 10. *Regras xerais de funcionamento.*

No non previsto expresamente neste real decreto, a comisión axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. *Reunións da Comisión por medios electrónicos.*

1. Conforme o previsto na disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, os órganos da comisión poderán constituírse e adoptar acordos por medios electrónicos.

2. A celebración de reunións de órganos da comisión por medios electrónicos poderá ser acordada pola Presidencia para todos os órganos desta ou só para algún deles, e para todas as sesións ordinarias e extraordinarias ou só para sesións puntuais. Ese acordo, que lles será notificado aos membros da Comisión, especificará:

a) O medio electrónico polo que se celebrará a reunión.

b) O medio electrónico polo que se remitirá a convocatoria, agás no caso das sesións ordinarias da Comisión Permanente que non precisen convocatoria formal por se celebraren periodicamente.

c) O medio electrónico polo que se poderá consultar a documentación relativa aos puntos da orde do día e o tempo durante o cal estará dispoñible a información.

d) O modo de participar nos debates e deliberacións e o período de tempo durante o que terán lugar.

e) O medio de emisión do voto e o período de tempo durante o cal se poderá votar.

f) O medio de difusión das actas das sesións e o período durante o cal se poderán consultar.

3. O acordo poderá establecer que a sesión se celebre mediante videoconferencia e o resto de trámites por outros medios electrónicos, caso en que se aplicarán as seguintes especialidades:

a) A convocatoria do órgano e a subministración da documentación terán lugar conforme o disposto no número anterior.

b) A sesión celebrarase mediante videoconferencia a través de calquera sistema electrónico que o permita, en contornos fechados de comunicación.

c) As votacións poderán ter lugar por mera expresión verbal do sentido do voto; tratándose de votacións secretas, deberán realizarse por sistemas electrónicos que garantan a identidade do emisor e a confidencialidade do seu voto.

d) A acta confeccionarase por medios electrónicos, e poderase limitar á expresión escrita dos acordos e ao arquivo en soporte electrónico da videoconferencia.

4. Previamente á adopción do acordo indicado nos números anteriores, articularase tecnicamente o soporte e a aplicación informática que permitan a celebración das reunións por medios electrónicos, que reunirá as seguintes características:

a) O sistema garantizará a seguranza, integridade, confidencialidade e autenticidade da información, e para ese fin porase ao servizo dos membros do órgano un servizo electrónico de acceso restrinxido.

b) Para os accesos dos membros da comisión á sede electrónica onde teña lugar a reunión utilizarase un dos sistemas de identificación electrónica que permite empregar a Lei 11/2007, do 21 de xuño; cando consista nun certificado que deba incorporarse a un soporte electrónico, a Presidencia facilitaralles ese soporte aos membros da comisión que carezan del.

c) O sistema organizará a información en niveis de acceso cando isto sexa preciso.

d) O sistema articulará un medio para incorporar ás actas das sesións a constancia das comunicacións producidas.

Disposición adicional segunda. *Constitución dos órganos da comisión.*

No prazo dun mes, contado a partir da entrada en vigor deste real decreto, cada organismo ou entidade con representación no Pleno proporalle ao Consello Superior de Deportes ou identificará a persoa elixida para proceder ao outorgamento da súa acreditación ante este. No termo de quince días desde que se producise o nomeamento da totalidade dos membros do Pleno, procederase á súa constitución en sesión extraordinaria e, seguidamente, constituiranse o resto de órganos previstos neste real decreto.

Ata a constitución efectiva de todos os órganos que se prevén neste real decreto, os da Comisión Nacional contra a Violencia nos Espectáculos Deportivos continuarán no pleno exercicio das súas funcións.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, de modo expreso, o Real decreto 75/1992, do 31 de xaneiro, sobre a Comisión Nacional contra a Violencia nos Espectáculos Deportivos.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Facúltase o ministro de Educación, Política Social e Deporte e o ministro do Interior para ditar conxuntamente ou na esfera das súas respectivas competencias as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de maio de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

8841 *REAL DECRETO 820/2008, do 16 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1037/1990, do 27 de xullo, polo que se regula a composición, organización e funcionamento do Consello Superior de Estatística, no relativo á composición e organización. («BOE» 124, do 22-5-2008.)*

O Real decreto 1037/1990, do 27 de xullo, polo que se regula a composición, organización e funcionamento do Consello Superior de Estatística (CSE), no seu artigo 5.º regula a composición do Consello, especificando todas e cada unha das organizacións e institucións que forman parte del así como o número de representantes de cada unha delas e dos da Administración xeral do Estado (AXE).

Esta regulación pechada da composición do Consello obrigou a sucesivas modificacións do real decreto para axustar a paridade a que obriga a Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública (LFEP), cando se produce unha reestruturación dos departamentos ministeriais ou unha modificación da estrutura do INE.

Por outra banda, segundo se desprende da natureza e misión que a LFEP lle dá ao CSE dentro da organización do sistema estatístico nacional, este debe ser un órgano de consulta para todos os servizos estatísticos estatais e de participación de todos os axentes sociais máis representativos e debe contribuír a unha maior adecuación das estatísticas ás necesidades de información dos usuarios. Por iso, é conveniente incorporar algúns organismos da AXE que realizan importantes estatísticas do Plan Estatístico Nacional, de forma que queden autorrepresentados, así como outras institucións non representadas actualmente e que, ou ben son importantes usuarios das estatísticas estatais ou ben teñen intereses específicos en que estas recollan de forma sistemática algún tipo de información relevante para determinadas políticas sociais e, noutras ocasións, mesmo colaboran na produción dalgunhas operacións.

En canto á organización do Consello, o Real decreto 1037/1990 establece que o Consello Superior de Estatística pode funcionar en Pleno ou en Comisión Permanente, constituída esta última polo vicepresidente do Consello, que actúa de presidente, e dez conselleiros, e que se deberá renovar por metade cada ano. O Pleno queda validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros e, de non existir quórum, o Pleno constituirase en segunda convocatoria vinte e catro horas despois da sinalada para a primeira, sendo suficiente, neste caso, a asistencia da terceira parte dos seus membros.

As mesmas razóns que aconsellan ampliar a composición do Consello Superior de Estatística son válidas para recoñecer a conveniencia de ampliar o número de conselleiros que forman a Comisión Permanente e, na procura dunha maior eficacia, limitar o número de representantes desta que deben ser renovados cada ano.

Así mesmo, dado o alto nivel administrativo dos representantes da AXE e o rango dos conselleiros das organizacións e institucións con representación no CSE, resulta moi apropiado adiantar, se isto for necesario, a segunda convocatoria do Pleno do Consello de forma que teña lugar no mesmo día en que sexa convocada a primeira, facilitando deste xeito a maior asistencia.

En definitiva, procede, novamente, modificar o Real decreto 1037/1990, do 27 de xullo, polo que se regula a composición, organización e funcionamento do Consello Superior de Estatística, no relativo á composición e organización do Consello, coa intención de, fundamentalmente, dar permanencia ao real decreto e evitar as sucesivas modificacións a que deba ser sometido, prexudicando a actividade do Consello e, por outra parte, facer posible que se incorporen ao Consello os órganos da Administración e as institucións que poidan ser relevantes para os traballos que desenvolve.

A devandita modificación debe efectuarse mediante real decreto, segundo o disposto no artigo 40.2 e 40.4 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que prevé o devandito rango para a norma de creación e modificación da composición dos órganos colexiados interministeriais cuxo presidente teña nivel superior a director xeral. Este é o caso do Consello Superior de Estatística, que está presidido polo ministro de Economía e Facenda.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de maio de 2008,